

Acta núm. 21/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 21 de xullo de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 21 de xullo de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2020, DO 14.07.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2020, DO 14.07.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 14.07.2020, acta núm. 20/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Victor Manuel Boullón Gómez, que di actuar en representación de REFYCON OBRAS Y CONTRATAS S.L., na que comunica que vai realizar obras de conservación nun alpendre sito en Vilar nº 11 – Viceso, substituíndo as pranchas de fibrocemento actuais de cor natural, por pranchas de fibrocemento novas e tella cerámica, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual do mesmo.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº1356603NH2415N0001HP) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 43,52 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 108,09 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN CARLOS VILLAR SIERRA, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita en Bastavaliños – Bastavales; o peche linda coa vía pública e terá unha lonxitude aproximada 12,15 metros lineais, farase con

bloques de formigón e arame por enriba, ata unha altura máxima de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo, situando no centro un portalón de entrada de 3 metros.

A parcela na que se van a executar as obras (referencia catastral nº15013B503005200000MU), atópase parte sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), parte en solo clasificado como rústico de especial protección agropecuaria e dentro da zona de policía do rego do Creo.

A Xunta de Goberno Local, a vista da autorización de Augas de Galicia, clave DH.W15.70594, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixo do vial.
- A parte opaca do peche, de bloques de formigón, terá unha altura máxima de 1,20 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,12 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,69 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DAVID BARREIRO TOMÉ, na que comunica que vai que realizar obras de conservación nun alpendre sito en Mourentáns nº 22 – Viceso, substituindo as tellas actuais en mal estado por pranchas de fibrocemento, e tella cerámica nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual do mesmo.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 1372501NH2417S0001ZY) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1), e sitúase dentro da aldea de Mourentáns, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como VE2 e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 235,05 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 299,62 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda en Coruxido nº 54 – Bastavales, realizando un entronque na rede existente (R 25) pertencente á saída 02 do centro de transformación (CT) 15CFXH (CORUXIDO) ata a ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha zanja dunha lonxitude total de 28 m., segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, de data 14/04/2019, visado nº 885/20-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº 7601208NH2470S0000DW), está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), e nela estase a

construír unha vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na data 25/10/2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 591,59 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 58,32 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 122,89 euros.

b) Deuse conta dunha instancia asinada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda en Soigrex n° 42 – Bastavales, realizando o entronque a rede existente (RZ 25) pertencente á saída 01 do centro de transformación (CT) 15AX92 (BEMIL), ata a CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 1,00m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, de data 14/04/2020, visado n° 890-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral n°4215210NH2471N0001MS), está clasificada como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza n° 8 do PXOM (NRL-1), nela estase a estase a reconstruír e ampliar unha vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local o 07.08.2012 e sitúase dentro da aldea de Soigrex, integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como XBE4.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural (expte. n° 861/20) e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 335,64 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,13 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 71,70 euros.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ELISA PETRA REDONDO ABELENDA, na que

solicita licenza de segregación da parcela sita no lugar de Lamiño nº 16 – Brión, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola José M^a. Ruíz Mora, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña – Pontevedra) o 28.04.2020 e documentación complementaria visada o 02.07.2020 (expte. nº 78/20).

Descrición da parcela de orixe:

Finca rexistral: 14.600.
Referencia catastral: 6661407NH2466S0001EO.
Superficie: 5.323,03m².

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: finca 6661411NH2466S e camiño.

Leste: camiño.

Oeste: fincas 6661406NH2466S, 6661414NH2466S, 6661412NH2466S, e 6661411NH2466S.

Segregación pretendida:

PARCELA A (resto da finca matriz)

Superficie bruta: 4.922,59m².

Superficie de cesión: 239,80m² (fora das aliñacións establecidas no planeamento).

Superficie neta: 4.682,79 m².

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte. finca B (segregada) e camiño.

Sur: finca 6661411NH2466S e camiño.

Leste: camiño.

Oeste: fincas B (segregada) e fincas 6661411NH2466S, 6661412NH2466S e 6661414NH2466S.

PARCELA B (segregada)

Superficie bruta: 400,44 m².

Superficie de cesión: 41,80m²(fora das aliñacións establecidas no planeamento)..

Superficie neta: 358,64 m².

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte. camiño.

Sur: finca A (matriz) 6661407NH2466S0001EO.

Leste: finca A (matriz) 6661407NH2466S0001EO.

Oeste: fincas 6661406NH2466S e 6661414NH2466S.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 239,80 m² e 41,80 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

QUINTO- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SILVIA LÓPEZ BEN e FERNANDO REDONDO NEIRA, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de O Cabo nº 24 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola sociedade de arquitectura “López y Noya Arquitectura y Urbanismo S.L.P”, visado o 03.04.2020 polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia, (n.r.e.: 2001619).

A parcela onde se pretende construír a edificación, ref. catastral nº 7645812NH2474N0000XH, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia, clave DH.W15.69242, e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola sociedade de arquitectura “López y Noya arquitectura y urbanismo S.L.P”, visado o 03.04.2020 polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia, (n.r.e.: 2001619).

- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión, 50,70 m²., e que implica a pavimentación deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- . Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- . Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, conxoste co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 50,70 m². destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 16 de xullo de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.139,04 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 211.25 euros.

Total: 2.350,29 euros.

SEXTO .- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González